



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enfermería comunitaria I

Materia	Enfermería comunitaria I			
Código	V52G140V01104			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Dpto. Externo			
Coordinador/a	Vasallo Vidal, Francisco José			
Profesorado	del Campo Pérez, Victor Vasallo Vidal, Francisco José			
Correo-e	francisco.jose.vasallo.vidal@ser			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A9	Coñecer os procesos fisiopatolóxicos e as súas manifestacións e os factores de risco que determinan os estados de saúde e enfermidade nas diferentes etapas do ciclo vital.
A23	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A24	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A25	Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde máis relevantes nunha comunidade.
A26	Analizar os datos estatísticos referidos a estudos da poboación, identificando as posibles causas de problemas de saúde.
A27	Educar, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
A25 Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde máis relevantes nunha comunidade.	A25
A9 Coñecer os procesos fisiopatolóxicos e as súas manifestacións e os factores de risco que determinan os estados de saúde e enfermidade nas diferentes etapas do ciclo vital.	A9
A23 Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.	A23
A24 Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.	A24
A26 Analizar os datos estatísticos referidos a estudos da poboación, identificando as posibles causas de problemas de saúde.	A26
A27 Educar, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.	A27
(*)(*)	

Contidos

Tema

TEMA1. CONCEPTO DE SAÚDE E ENFERMIDADE	1. Concepto clásico de saúde 2. Concepto de saúde da OMS 3. Novas achegas ao concepto de saúde 4. Enfermidades. Clasificación
TEMA 2. FACTORES DETERMINANTES DA SAÚDE	1. Concepto de Lalonde 2. Importancia dos diversos factores 3. Actuacións sanitarias
TEMA 3. SAÚDE PÚBLICA E SAÚDE COMUNITARIA	1. A saúde pública clásica 2. Concepto actual de saúde pública 3. A saúde comunitaria
TEMA 4. EPIDEMIOLOXÍA	1. Concepto 2. Obxectivos 3. O método epidemiolóxico
TEMA 5. DEMOGRAFÍA SANITARIA	1. Concepto 2. Demografía estática 3. Movementos demográficos
TEMA 6. A MEDICIÓN DA ENFERMIDADE	1. Medidas de frecuencia de enfermidade: incidencia e prevalencia 2. Medidas de efecto e medidas de impacto
TEMA 7. ESTUDOS EPIDEMIOLÓXICOS	1. Clasificación dos estudos 2. Estudos descritivos 3. Estudos de cohortes e caso-control 4. Estudos experimentais: ensaio clínico 5. Estudos de probas diagnósticas
TEMA 8. IMPORTANCIA DO MEDIO NA SAÚDE	1. Augas de consumo 2. Augas residuais 3. Residuos sólidos 4. Contaminación ambiental
TEMA 9. OS AXENTES VIVOS E A SÚA IMPORTANCIA NA SAÚDE HUMANA	1. Enfermidades transmisibles: bases 2. Enfermidades emerxentes e erradicadas 3. Importancia das enfermidades transmisibles
TEMA 10. AS BACTERIAS	1. Morfoloxía, fisioloxía e clasificación 2. Bacterias gram (+) e gram (-) 3. Micobacterias, outras bacterias.
TEMA 11. OS VIRUS	1. Morfoloxía, fisioloxía e clasificación
TEMA 12. OUTROS PATÓXENOS	1. Parasitos 2. Priones
(*)(*)	(*)(*)

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	10	0	10
Seminarios	10	0	10
Sesión maxistral	50	75	125
Probas de tipo test	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	Asistencia e participación nas diferentes actividades que se leven a cabo.	20%

Probas de tipo test	Probas para a avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellar elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	80
---------------------	---	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONSULTAS.

Os alumnos poden facer as consultas persoalmente durante as titorías ou por correo electrónico na seguinte dirección: [HYPERLINK "mailto:victor.delcampo.perez@sergas.es"](mailto:victor.delcampo.perez@sergas.es) victor.delcampo.perez@sergas.es

METODOLOXÍA:

As actividades docentes realizaranse a través de clases teóricas e seminarios específicos sobre técnicas demográficas ou epidemiolóxicas.

EXAMES:

Considerarase de especial importancia na avaliación do alumno, a participación en clase.

A avaliación e conseguinte cualificación do alumno levarase a cabo mediante o sistema de avaliación global por curso, integrándose nesta avaliación a participación en clase, os traballos monográficos de os houber e as notas dos exames.

A avaliación basearase nos resultados dos 2 exames parciais, cada un dos cales corresponderá aproximadamente ao 50% do temario de clases teóricas. A superación dun exame parcial supón a eliminación da materia obxecto de exame ata a convocatoria de xuño. Ao remate do curso académico realizarase un Exame Final para aqueles alumnos que non aprobaran o primeiro, o segundo, ou ningún dos exames parciais.

Os exames parciais faranse por escrito e constarán de preguntas de elección múltiple Cada pregunta conterá cinco opcións distintas, das cales só unha será correcta. Por cada pregunta mal contestada anularase o valor de 1/3 dunha ben contestada.

Nas convocatorias de xuño (final), setembro e decembro o exame constará de preguntas longas que deberán desenvolverse por escrito.

Nos exames de preguntas de elección múltiple (test), os alumnos deben contestar as preguntas nas cuadrículas de resposta, e non se avaliará ningún tipo de resposta nin comentario no resto do exame.

Debido á dificultade que supón ser equitativo para todos os alumnos na resolución das dúbidas formuladas nos exames, máxime cando os alumnos se reparten en varias aulas, non se responderán as cuestións formuladas durante os exames, senón despois dos mesmos, na revisión.

Bibliografía. Fontes de información

pagina web INE y IGE,

Pagina web saude publica conselleria sanidade,

Navarro, Salud Publica,

Piedrola, Medicina Preventiva y Salud Publica,

Sanchez Moreno, Enfermeria comunitaria,

Mandell, Enfermedades infecciosas,

Recomendacións